

NOVA APP DE VACINAS DA CONSELLERÍA DE SANIDADE

Dende o pasado tres de abril, está dispoñible a APP gratuíta de vacinas da Consellería de Sanidade á que poden ter acceso todos os cidadáns que dispoñan da tarxeta sanitaria do Servizo Galego de Saúde. Descárgase de Apple Store ou de Play Store.

O obxectivo desta aplicación é facilitar información actualizada sobre o tema das vacinas, e dar acceso directo aos pacientes á información sobre vacinas rexistradas no programa galego de vacinación (neste senso, compre recordar a importancia do rexistro de toda vacina administrada).

En concreto, os cidadáns poden ter acceso: aos calendarios de vacinación vixentes tanto para [adultos](#) como para os [nenos](#), ás recomendacións sobre vacinación en viaxes, así como a relación dos centros de vacinación internacional aos que poden acudir na nosa comunidade.

Ademais, a APP permitiralles o acceso á relación das vacinas administradas, facilitándolles aos usuarios unha correlación entre as vacinas administradas e as que lles corresponderían segundo o calendario de vacinación vixente polo seu ano de nacemento; e permitiralles a recepción de recordatorios sobre as vacinas pendentes e a posibilidade de tramitar a cita para vacinación.

Os únicos requisitos para poder acceder a esta aplicación son: dispor de usuario de Chave365 e estar dado de alta en É-Saúde. Se algunha persoa consulta por isto, o método que se lle pode recomendar como mais doado é que solicite a alta

de usuario de Chave365 e a alta en É-Saúde no propio centro de saúde (abonda con que presente o seu DNI), despois do que recibirá unha clave a través do móbil coa que poderá acceder á aplicación.

O cidadán poderá acceder aos seus datos de vacinación, e aos dos seus fillos e/ou maiores ao cargo, para o que deberá solicitar unha autorización (acceso delegado).

Para tramitala, haberá que presentar a documentación seguinte: a solicitude firmada (que para os maiores de idade e os nenos de entre 14-18 anos atópase na seguinte [ligazón](#) e para os menores de 14 anos e incapacitados na seguinte [ligazón](#)); o DNI do outorgante e do autorizado; o libro de familia; e no caso de persoas xudicialmente incapacitadas, a sentenza xudicial que acredite a tutela.

Se algún paciente pregunta como pode realizar esta xestión, pódese remitir a páxina web do SERGAS: [ligazón](#), onde atopará información sobre a aplicación, como descargala e que facer para solicitar as autorizacións pertinentes, que poderá presentar no seu centro de saúde ou ben nos servizos de atención ao paciente do seu centro hospitalario de referencia.

No caso de que na consulta puidese xurdir calquera outra dúbida en relación con esta APP, pódese comentar por correo electrónico a "vacinas@sergas.es" ou poñerse en contacto directamente cos responsables do programa de vacinas da xefatura territorial da consellería de sanidade da provincia que corresponda.

GONOCOCO RESISTENTE A CEFTRIAXONA E AZITROMICINA

O 29/03/2018 a Public Health England comunicou un caso dun home infectado cunha cepa de *Neisseria gonorrhoeae* (NG) con resistencia de alto nivel á azitromicina e resistencia á ceftriaxona, os dous antibióticos que son a primeira opción para tratar estas infeccións (ver o cadro). A cepa é susceptible só á espectinomicina [[ligazón](#)]

O home foi tratado empiricamente primeiro con ceftriaxona e despois espectinomicina, pero o test de cura amosou a persistencia da bacteria nunha mostra farínxea^[1], que fixo necesaria unha nova pauta antibiótica, esta vez con ertapenem intravenoso, para o que a cepa presentaba unha concentración mínima inhibitoria baixa.

Trátase dun home heterosexual cunha parella no Reino Unido (que nun primeiro estudo foi negativa para NG) que, un mes antes do comezo dos síntomas, mantivo un contacto sexual cunha muller no sueste asiático.

A relevancia deste caso radica en que é a primeira vez que no mundo se illou unha cepa de NG con resistencia de alto nivel

á azitromicina que tamén é resistente á ceftriaxona, e por iso no Reino Unido creouse un grupo especial para coordinar a investigación e o seguimento dos contactos co obxecto de conter a difusión da cepa.

Este incidente, que non supón cambio ningún do tratamento recomendado para cando se sospeita unha infección gonocócica (o do cadro), non deixa de salientar a importancia que ten solicitarlle ao paciente tanto un cultivo inicial de confirmación diagnóstica (sempre con antibiograma), coma un cultivo posterior ao

tratamento para confirmar a curación [[ligazón](#)].

Ademais, compre lembrar que a sospeita de fallo terapéutico despois de empregar azitromicina con ceftriaxona ou cefixima [[ligazón](#)], hai que notificala de xeito urxente ao SAEG (ver teléfonos ao rodapé).

[1] A espectinomicina é moito menos eficaz fronte á infección farínxea que fronte á xenital ou á anorectal [[ligazón](#)].

**CEFTRIAXONA 500 mg
(1 dose i.m.)
+
AZITROMICINA 2 g
(1 dose oral)**